

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 13:09 horas do día 22/04/22, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. IRIA LAMAS en substitución de D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D^a NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 18/03/2022.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2022

Polo presidente da Comisión dáse conta da aprobación das bases para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal e os clubs que participan con competicións de fútbol Preferente Galicia grupo 2^a por un importe de 625.000,00 €.

As subvencións obxecto destas bases divídense en dúas liñas.

Competicións ámbito inferior a estatal: 575.000,00 €

Competicións fútbol preferente Galicia Grupo 2^a: 50.000,00 €

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

As entidades solicitantes poderán presentar unha única solicitude nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICÍONS OFICIAIS DE ÁMBITO NÁUTICO NAS MODALIDADES DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA PARA O ANO 2022

Polo presidente da Comisión dáse conta da aprobación das bases para a concesión de subvencíons a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións oficiais de ámbito náutico nas modalidades de piragüismo, remo e vela para o ano 2022 por un importe de 500.000,00 €.

As contías a cada modalidade deportiva son as seguintes:

Piragüismo: 280.000,00 €

Remo: 145.000,00 €

Vela: 75.000,00 €

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse destas subvencíons as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

As entidades solicitantes poderán presentar unha única solicitude nesta convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

4.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 13:10 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

